

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016681	IES Carlos Casares	Vigo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	8
4.2. Materiais e recursos didácticos	8
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	9
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	11

1. Introducción

Esta materia está orientada a traballar e potencial as competencias do alumnado mediante o deseño, posta en funcionamento e exposición de proxectos a cargo dos alumnos e alumnas que ademais teñan unha implicación na contorna do centro. Facendo especial fincapé no respecto ao medio ambiente, a cultura colaborativa e o emprego do procedementos científicos que permitan un afondamento na realidade que afecta ao alumnado.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Carlos Casares situado nas aforas de Vigo na parroquia de Bembibre e próximo a parroquia de Cabral de onde tamén recibe alumnado. O nivel socioeconómico e cultural do alumnado é medio.

O grupo seleccionado de 1º ESO, está composto por 79 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos.

Existen 4 alumnos repetidores dous deles con Adaptacións curriculares nesta materia. Tamén hai 5 alumnos con un TDH diagnosticado, unha alumna con Síndrome de Asperger e un alumno con disgrafía. A ter en conta tamén dous alumnas cunha desfavorable situación familiar e unha con Altas capacidades.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A economía circular. Reducir, reutilizar, reciclar	Proxecto de campaña para a concienciación da comunidade escolar entorno da xestión dos residuos	33	11	X		
2	Os invasores	Estudo das principais especies foráneas invasoras en Galicia	33	12		X	
3	A horta. Como e que cultivamos	Deseño e posta en funcionamento da horta escolar	34	12			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A economía circular. Reducir, reutilizar, reciclar	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valora a importancia da reciclaxe e a súa repercusión no medio ambiente	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	É quen de buscar información referida aos métodos de separación e reciclaxe		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identifica a información relevante respecto aos procedementos axeitados na reciclaxe		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Ordea apropiadamente as etapas do proxecto relacionado coa campaña de concienciación		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Ten en conta algúns inconvintes que poden xurdir na realización do proxecto		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Desenvolve o proxecto segundo as etapas establecidas		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Realiza as actividades do proxecto con certa destreza segundo o aprendido		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	É quen de utilizar as ferramentas de divulgación que precisa para dar a coñecer a mensaxe		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve as dificultades que xurden con certa autonomía		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Recoñece os resultados da súa campaña e e grado de efectividade na comunidade		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Realiza unha exposición do proxecto e os resultados acadados ante o resto da aula		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expón o proxecto sen grandes erros e certa claridade		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Desenvólvese con certa soltura e confianza na exposición		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	É quen de manter unha actitude positiva durante toda a exposición		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Desenvolve a exposición utilizando os medios de comunicación axeitadamente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
2	Os invasores	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valora a importancia de conservar a biodiversidade e o hábitas dos nosos ecosistemas. Recoñece a importancia das especies invasoras como perturbadoras do equilibrio ecolóxico.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica as necesidades que implica investigar sobre as especies invasoras.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Recole información necesaria e apropiada para elaborar as fichas descritivas correspondentes		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Establece e ordena as etapas do proxecto		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Considera os posibles problemas e dificultades que xerará o desenvolvemento do proxecto		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Pon en práctica as sucesivas etapas do proxecto		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Mostra actitude positiva e implícase en dar a coñecer a importancia da concienciación social de cara a este problema		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos, ferramentas e materiais necesarios		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve algúns dos problemas que xurden na realización		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora o grao de consecución dos obxectivos previstos		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Expón o proxecto e o seu desenvolvemento cara o resto da aula		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe correcta e apropiada		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Fai uso dunha linguaxe expresiva e corporal acorde a intención da mensaxe		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Mantén unha actitude positiva durante toda a exposición		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega os recursos de comunicación audiovisual precisos para a exposición		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

UD	Título da UD	Duración
3	A horta. Como e que cultivamos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Identifica os materiais e recursos que precisa para levar a cabo o seu proxecto	PE	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Valora o método científico como procedemento para coñecer a realidade do entorno	TI	94
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Busca e selecciona a información previa necesaria po deseño do procedemento		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Establece as etapas adecuadas segundo o método científico		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Considera posibles erros ou dificultades do proxecto		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Pon en práctica o procedemento de maneira rigorosa		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Mostra actitude positiva e implícase na consecución de resultados		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega axeitadamente os recursos e materiais previstos no proxecto		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve certas dificultades que xurden durante a realización		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados segundo os obxectivos previstos		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Expón o proxecto e a súa execución ao resto da aula		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe correcta e clara		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Fai uso dunha expresión corporal que axuda a transmitir a información		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Mostra actitude positiva durante toda a exposición		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega con certa soltura os medios audiovisuais na presentación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles. - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.

Contidos

- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As actividades na aula estarán organizadas de tal xeito que o alumnado sexa quen de buscar a información necesaria, escollela e utilízala para o desenvolvemento do seu proxecto. Previamente o profesor ou profesora exporá a necesidade ou problema que se pretende resolver e cales son as posibles solucións.

O gran grupo será organizado en pequenos grupos (4 alumnas/os) que permitan o intercambio de ideas entre eles así como o aporte das diferentes competencias de cada compoñente.

Certas sesións deberán desenvolverse fora da aula, ben para poñer en práctica a campaña da 1ª avaliación, a investigación de especies invasoras na contorna ou a realización da horta escolar.

Durante todo o proceso de deseño, realización e estudo dos resultados, cada grupo irá rexistrando as diferentes etapas polas que foron pasando, gráficamente e por escrito, de cara a sintetizar finalmente toda a información na presentación que será exposta ante o resto da aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Equipamento informático
Material de debuxo e rotulación
Ferramentas e útiles de cultivo
Videos e documentais
Exemplares de sementes
Material e equipamento de laboratorio

Equipos informáticos de aula precisos para buscar e seleccionar a información . Así como a realización de presentacións e videos .

Material audiovisual e de debuxo utilizados na campaña de concienciación.

Vídeos e documentais entorno á economía circular e a horta escolar

Ferramentas e exemplares de sementes que serán empregados na horta

Material e equipamento de laboratorio necesarios para o proxecto da terceira avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Elaborarase un cuestionario inicial para coñecer as inquiredanzas e competencias que cada alumno e alumna considera que ten, así como o seu grao de implicación na conservación do medio ambiente.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	0	0	6	2
Táboa de indicadores	100	100	94	98

Criterios de cualificación:

En cada proxecto de cada avaliación aplicaranse as rúbricas correspondentes para coñecer o grao de consecución dos obxectivos; debendo obter en calquera caso unha cualificación igual ou superior a 5.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada algunha avaliación, o alumnado poderá recuperala reforzando aqueles criterios de avaliación menos satisfactorios a través dun informe ou exposición.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña pendente a presente materia en cursos posteriores poderá recuperala presentando un proxecto orixinal en cada unha das avaliacións

6. Medidas de atención á diversidade

O alumnado que manifeste certas dificultades en algunha competencia deberá incluírse en algún grupo apropiado que lle axude a progresar especialmente na mesma. Deberán buscarse aquelas competencias que máis teña desenvolvidas de cara a estimular a súa autoestima e actitude positiva ante o proxecto.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Uso das ferramentas TIC	X	X	X
ET.2 - Desenvolver o razoamento aplicado a realidade e o pensamento crítico	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Impulsar o traballo colaborativo e a máxima inclusión social	X	X	X
ET.4 - Fomentar a igualdade entre mulleres e homes	X	X	X
ET.5 - Aumentar a concienciación sobre os problemas medioambientais e a sustentabilidade	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Charla sobre reciclaxe	A cargo dun experto no tratamento e xestión de residuos
Charla sobre hortas escolares	A cargo dun profesor ou profesora que a puxese en práctica con éxito noutro centro

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Mallor grao de concienciación medioambiental
Aumento da autoestima persoal
Aumento do espírito crítico ante a sobreexposición informativa
Mellor capacidade organizativa no desenvolvemento de proxectos

Descrición:

Dacordo cos obxectivos iniciais da materia, considerarase acadados cando se cumplan os indicadores sinalados.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao cabo de cada avaliación farase unha reflexión no gran grupo de cara a valorar o grao de consecución dos obxectivos e o seu nivel de dificultade.

9. Outros apartados